



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Literatura Galega	Código	613G01012	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	Anual	Segundo	Obrigatoria	9
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Lopez Fernandez, Maria Teresa	Correo electrónico	t.lopez@udc.es	
Profesorado	Lopez Fernandez, Maria Teresa	Correo electrónico	t.lopez@udc.es	
	Lourido Hermida, Isaac		isaac.lourido@udc.es	
	Samartin López-Iglesias, Roberto		roberto.samartin@udc.es	
Web	www.udc.es/filo			
Descrición xeral	Estudo da literatura galega a través dos seus textos máis representativos.			
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>Non haberá modificacións substanciais nos contidos, aínda que serán adaptados ás circunstancias da docencia non presencial.</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>Actividades iniciais.</p> <p>Lecturas. Para as lecturas de obras literarias será facilitado o acceso a formatos electrónicos.</p> <p>Prácticas a través de TIC.</p> <p>Traballos titorizados.</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>Análise de fontes documentais. Os materiais serán colocados no Campus Virtual e a súa análise será realizada segundo as indicacións facilitadas polo profesorado no Campus Virtual e/ou nas sesións síncronas/asíncronas de Teams.</p> <p>Sesión maxistral. Será adaptada ás condicións de docencia non presencial ben facilitando presentacións xerais e breves lecturas complementares a través do Campus Virtual, ben realizando sesións síncronas/asíncronas a través de Teams.</p> <p>Eventos científicos e/ou divulgativos. Será facilitada unha listaxe para a visualización de eventos a través da internet.</p> <p>Proba mixta. Será substituída pola realización e entrega de cuestionarios a través do Campus Virtual.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <p>Foro específico no Campus Virtual, videotitorización a demanda a través de Teams, atención por correo electrónico.</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>A avaliación mantense, coa excepción da proba mixta que será substituída pola realización de cuestionarios que avaliarán os coñecementos xerais do alumnado e o manexo das fontes de información facilitadas polo profesorado.</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>Continúan vixentes as incluídas na guía docente.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>A bibliografía de referencia non será modificada, aínda que serán facilitados todos os materiais específicos precisos para o acompañamento da materia (en formato PDF ou URL) a través do Campus Virtual.</p>			

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
--------	-------------------------------------

Resultados da aprendizaxe



Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer e aplicar as técnicas de análise literaria.	A1 A2 A15	B7	C1
Realizar por escrito documentos científicos (recensións, comentarios, etc.)	A2 A9 A11 A15	B1 B6 B7	C6
Coñecer as principais etapas da literatura galega, da Idade Media á contemporaneidade.	A7 A11 A14	B3 B8	C6
Saber avaliar, analizar e sintetizar criticamente información relativa á literatura galega.	A11 A14	B1 B3 B7	C6
Ser capaz de aplicar os coñecementos literarios á práctica.	A7 A11 A14 A15	B9 B10	C1 C6
Coñecer e manexar os principais recursos web e bibliográficos sobre a literatura galega nas súas diferentes etapas.	A11	B1 B3	C6
Ser capaz de pór en relación os coñecementos adquiridos nesta materia cos de outras de características similares.	A11 A14 A15	B3 B5	C6
Ser capaz de realizar unha presentación oral sobre os contidos da materia.	A4 A9 A15	B4	C1

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A literatura galega	1.1 Definición, caracterización, periodización. Cuestións metodolóxicas.
2. Literatura medieval galego-portuguesa.	2.1 Lírica profana. Cantiga de amor. Cantiga de amigo. Cantiga de escarnho e maldizer. 2.2 Lírica relixiosa. Cantigas de Santa María 2.3 A prosa medieval.
3. A literatura nos séculos XVI-XVIII.	3.1 O concepto "Séculos Escuros". Unha ilustración galega?
4. O século XIX. O Rexurdimento.	4.1 Prerrexurdimento, rexurdimento, rexionalismo. 4.2 A poesía. Rosalía de Castro: Cantares Gallegos. 4.3 A prosa e o teatro. Período Intersecular.
5. O século XX.	5.1 As Irmandades da Fala. A renovación do sistema. 5.1.1 O Grupo Nós. 5.1.2 As Vangardas. 5.2 A guerra civil. A literatura do exilio. 5.3 A recuperación da actividade literaria na posguerra. 5.3.1 A narrativa. 5.3.2 A poesía. Movementos e autores. 5.4. De 1975 á actualidade. Diversificación xenérica. 5.4.1 A narrativa. 5.4.2. A poesía. 5.4.3. O teatro.



Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	B5 C6	1	0	1
Análise de fontes documentais	A1 A9 A11 A15	11	11	22
Lecturas	A4 A7 B3 B6 B7	0	40	40
Prácticas a través de TIC	B1 B3 B4	1	1	2
Sesión maxistral	B8 B9	30	21	51
Presentación oral	A2 A4 A9 C1	10	10	20
Seminario	A11 A14 A15 B1 B3 B4 B7 B10	12	10	22
Eventos científicos e/ou divulgativos	A11 A14 B3 B5 B7 B8 C6	2	2	4
Traballos tutelados	A7 A9 A11 A14 A15 B1 B3 B5 B6 B7 B8 C6	2	20	22
Proba mixta	A1 A2 A7 A9 A11 A14 A15 B3 B5 B6 B7 B10 C6	4	35	39
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Exposición xeral do funcionamento da materia e realización de actividades prácticas para familiarizar o alumnado co funcionamento de bases de datos e repositorios dixitais, cos recursos bibliográficos, e coa metodoloxía das actividades avaliábeis.
Análise de fontes documentais	Lectura, análise e comentario de códigos, textos e paratextos (xornalísticos, narrativos, poéticos, dramáticos, públicos, privados, correspondencia...).
Lecturas	Realización das lecturas obrigadas que se indican no apartado 8 da guía, e dos textos críticos que indique o profesorado.
Prácticas a través de TIC	Prácticas en que se utilizarán de maneira case exclusiva os recursos en rede incluídos no apartado 8 da guía.
Sesión maxistral	Sesións de traballo en que o profesorado expón os puntos principais dos contidos da materia, como punto de partida para o traballo posterior do alumnado.
Presentación oral	Exposición na aula, necesariamente oral, aínda que poderá ser completada coa utilización de material audiovisual de apoio.
Seminario	Traballo en grupos reducidos coa finalidade do estudo intensivo dun tema. Discusión, participación, elaboración de conclusións nas que se envolveren todos os participantes do seminario.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Asistencia e participación a eventos relacionados coa materia que se realicen na propia Facultade ou noutros lugares accesíbeis para o alumnado.
Traballos tutelados	Realización por parte do alumnado dun traballo baixo a orientación e co seguimento do profesorado da materia. As características e condicións de realización do traballo explicaranse no inicio do curso e acordaranse co alumnado.
Proba mixta	Proba escrita de avaliación que combinará actividades de carácter ensaístico, de análise de fontes, preguntas tipo test, etc.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Durante las horas de tutorías del profesorado, el/la alumno/a recibirá toda la guía y ayuda que necesite para la realización de sus trabajos. Podrán concertarse citas fuera de este horario previa solicitud por correo electrónico.
Seminario	
Análise de fontes documentais	El estudiantado con dispensa académica será objeto de especial seguimiento individualizado.



Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A7 A9 A11 A14 A15 B1 B3 B5 B6 B7 B8 C6	O traballo titorizado consistirá na elaboración dun vídeo sobre unha obra de lectura asignada polo profesorado. As pautas e as instrucións específicas para a súa realización e presentación serán proporcionadas nas aulas e publicadas na plataforma Moodle.	20
Lecturas	A4 A7 B3 B6 B7	As obras de lectura obrigada serán obxecto de traballo específico nas aulas de grupo reducido. A avaliación realizarase tendo en conta as actividades realizadas nestas sesións de acordo coas pautas que proporcionará o profesorado.	20
Proba mixta	A1 A2 A7 A9 A11 A14 A15 B3 B5 B6 B7 B10 C6	Proba escrita que combinará actividades de carácter ensaístico, de análise de fontes, preguntas tipo test... A través da proba mixta, avaliarase o seguimento das sesións maxistras e interactivas. Esta proba será única mais realizarase en dúas partes: a primeira no mes de febreiro; a segunda, no mes de maio na data fixada oficialmente pola Facultade.	50
Eventos científicos e/ou divulgativos	A11 A14 B3 B5 B7 B8 C6	Cada estudante deberá asistir a dous eventos (conferencias, mesas redondas, exposicións etc.) de entre os recomendados polo profesorado ao longo do curso académico. Sobre cada evento deberá ser cumprimentada, de acordo coas instrucións do profesorado, a ficha de valoración que estará dispoñíbel na plataforma Moodle.	10

Observacións avaliación



Todas as actividades ou probas deberán cumprir unhas exigencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal?); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación segundo os criterios que serán publicados na plataforma Moodle no inicio do curso.

Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados á ferramenta para a detección de plaxio Turnitin.

O alumnado terá de entregar os traballos e as actividades nos prazos establecidos nas aulas.

1. Requisitos para superar a materia

Para superar a materia, tanto na primeira como na segunda oportunidade, a cualificación mínima da proba escrita deberá ser de 4 puntos sobre 10.

Tendo en conta esta condición, a cualificación final da materia responderá á aplicación das porcentaxes das actividades avaliábeis. Caso de a suma das cualificacións do conxunto superar o 5 mais sen obter o mínimo de 4 na proba escrita, farase constar como cualificación final a obtida na proba escrita (calculada sobre 10, sen ponderar).

2. Non presentado/a

Será considerado NON PRESENTADO/A quen non se presente a ningunha das partes da proba escrita.

Isto é, quen se presentar a calquera das probas escritas, terá a consideración de PRESENTADO/A.

3. Segunda oportunidade

O alumnado que non superar a materia na primeira oportunidade, terá unha segunda no mes de xullo. Nesta segunda oportunidade, deberán ser presentadas/realizadas as actividades non superadas ou non presentadas anteriormente, de acordo coas indicacións específicas que dará o profesorado.

O alumnado que acadase a cualificación de aprobado na ponderación das actividades mais non obtivese un 4 sobre 10 na proba mixta, só deberá realizar a proba mixta.

4. Dispensa académica

O/a estudante que teña concedida dispensa académica terá condicións especiais de avaliación. Deberá pórse en contacto coa profesora Teresa López (t.lopez@udc.gal) antes do día 20 de outubro.

5. Alumnado de segunda matrícula e posteriores ou con incompatibilidade horaria por razóns laborais

O alumnado con estas características que non poida asistir ás aulas con regularidade deberá alertar sobre este feito a través dun correo electrónico a t.lopez@udc.gal antes do día 20 de outubro.

6. Convocatoria adiantada de decembro

Consistirá na realización dunha proba escrita (50% da cualificación) e dunha proba oral (50% da cualificación) que versará sobre as lecturas propias da materia.

Fontes de información

Bibliografía básica

Obras de lectura: Selección de textos medievais. Rosalía de Castro, Cantares gallegos. Ramón Otero Pedrayo, Contos do camiño e da rúa. Rafael Dieste, A fiestra valdeira. Luís Seoane, A soldadeira. Manuel Forcadela (ed.), Poesía de posguerra. Xohana Torres, Adiós, María. Xosé Luís Méndez Ferrín, Amor de Artur e outros contos con Tagen Ata ao lonxe. Unha obra do século XXI asignada polo profesorado entre tres propostas por cada estudante. Cando for preciso, o profesorado indicará as edicións recomendadas para a lectura.



Bibliografía complementaria	<p>O profesorado da materia proporcionará unha listaxe de recursos bibliográficos específicos para os temas tratados nesta materia a través do Campus Virtual. Como obras de consulta de carácter xeral, indícanse agora as seguintes: Carballo Calero, Ricardo, Historia da Literatura Galega Contemporánea, Galaxia, Vigo, 1981. Pena, Xosé Ramón, Historia da literatura galega, Xerais, Vigo, 2013-2019, 4 vols. Tarrío, Anxo, Literatura galega. Aportacións a unha historia crítica, Xerais, Vigo, 1997. Tarrío, Anxo (coord.), Galicia. Literatura (vols. XXXII-XXXIV), Hércules de edicións, A Coruña. Tato Fontañá, Laura, Historia do teatro galego. Das orixes a 1936, A Nosa Terra, Vigo, 1999. Vilavedra, Dolores (coord.), Dicionario da Literatura Galega, Galaxia, Vigo, 1995-2000. Vilavedra, Dolores, Historia da Literatura Galega, Galaxia, Vigo, 1999. VV. AA., Historia da Literatura Galega, A Nosa Terra, Vigo, 1996, 5 vols. http://literaturagalega.as-pg.gal/E os recursos en liña: Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura: http://www.poesiagalega.org/ Asociación de escritores en lingua galega, cun centro de recursos virtuais: http://www.aelg.org/ Biblioteca virtual de prensa histórica: https://prensahistorica.mcu.es Biblioteca virtual galega da Universidade da Coruña: http://bvg.udc.es/index.jsp Centro Ramón Piñeiro: dicionario de termos literarios, base de datos da lírica profana galego-portuguesa, informes de literatura: http://www.cirp.es Fundación Curros Enríquez: http://www.currosenriquez.es/ Fundación Rosalía: http://www.rosaliadecastro.org/ Galiciana. Biblioteca de Galicia: https://biblioteca.galiciana.gal/ Mediateca do Consello da Cultura Galega: http://consellodacultura.org/mediateca/index.php Portal da Cantigas Medievais Galego-Portuguesas, Projeto Littera da Universidade de Lisboa: http://cantigas.fcsh.unl.pt/ Real Academia Galega, hemeroteca e biblioteca virtual: http://academia.gal/ Repositorio institucional da Universidade da Coruña: http://ruc.udc.es/dspace/ Universo Cantigas: https://universocantigas.gal/</p>
------------------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

O/a estudante que precise falar co profesorado fóra do horario de atención establecido oficialmente, poderá concertar unha cita a través do correo electrónico, nos enderezos que figuran nesta guía. Para as comunicacións relativas á materia, o profesorado utilizará como canais preferentes, ademais da comunicación oral nas aulas, o Campus Virtual e o enderezo de correo electrónico institucional do alumnado.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías